

Universidade de Santiago de Compostela

Facultade de Xeografía e Historia

Traballo de fin de Grao en Historia

FORMANDO PRÍNCIPES E PRINCESAS: UNHA
APROXIMACIÓN Á EDUCACIÓN REAL A
TRAVÉS DA LITERATURA ESPECULAR
CASTELÁ

Ano académico 2023/2024



Alexia Juanes Chao

DNI: 34285761Y

Titora: Diana Pelaz Flores

Departamento de Historia Medieval

Este traballo terá como tema central a existencia dunha educación sexuada dentro da Corte castelá, mediante a que se crearán diferentes modelos educativos para os infantes en función das tarefas que desenvolverán no futuro. Grazas ao estudo da produción da literatura especular, baseada na creación dun ideal de gobernante, veremos as diferencias na educación de homes e mulleres, e como se van configurando as feminidades e masculinidades a partir do tipo de educación que se ofrece. Ademais, permitirá explorar os límites a cada modelo, entendendo que o xénero deberá complementarse con outras atribucións como a clase social.

Palabras chave: educación, espello de príncipe, xénero, Corte, Castela.

Este trabajo tendrá como tema central la existencia de una educación sexuada dentro de la Corte castellana, mediante la que se crearán diferentes modelos educativos para los infantes en función de las tareas que desarrollarán en el futuro. Gracias al estudio de la producción de la literatura especular, basada en la creación de un ideal de gobernante, veremos las diferencias en la educación de hombres y mujeres, y como se van configurando las feminidades y masculinidades a partir del tipo de educación que se ofrece. Además, permitirá explorar los límites a cada modelo, entendiendo que el género deberá complementarse con otras atribuciones como la clase social.

Palabras clave: educación, espejo de príncipe, género, Corte Castilla.

The central theme of this work will be the existence of sex education within the Castilian Court, through which different educational models will be created for children depending on the tasks they will perform in the future. Thanks to the study of the production of speculative literature, based on the creation of an ideal of a ruler, we will see the differences in the education of men and women, and how femininity and masculinity are configured based on the type of education offered. In addition, it will allow to explore the limits of each model, understanding that gender must be complemented by other attributes such as social class.

Key words: education, mirror of prince, gender, Court, Castile.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	4
ESTADO DA CUESTIÓN.....	5
1. EDUCACIÓN E XÉNERO NA CORTE.....	7
2. LITERATURA ESPECULAR E A AUSENCIA DUN MODELO FEMININO PARA AS MULLERES.....	14
3. OS MODELOS EDUCATIVOS DOS ESPELLOS DE PRÍNCIPES E PRINCESAS.....	21
CONCLUSIÓN.....	32
BIBLIOGRAFÍA.....	33

INTRODUCCIÓN

O dicionario galego de pedagogía define a educación “*como unha actividade produtora e reprodutora das condicións materiais da existencia, a través do que é posible situarse no plano da historia das prácticas sociais en xeral, nun plano do funcionamento das ideoloxías ou nun plano das artes, das técnicas e das ciencias*”¹. Así, a educación xoga un papel fundamental á hora de configurar uns patróns sociais e ideolóxicos determinados, e á vez a elaboración desta educación responde a estes mesmos patróns sociais e ideolóxicos.

Deste xeito, na Idade Media a educación constituía un dos instrumentos a través do cal o individuo podía desenvolverse na sociedade. Como sinalan Cuadra García, Graña Cid, Muñoz Fernández e Segura Graño, “*la aprehensión de comportamientos, ocupaciones y gestos es imprescindible para ser un sujeto social y quien no los adquiere se sitúa en los márgenes*”². O proceso educativo plantexábase a partir das funcións que desempeñaría a persoa na súa vida futura, que se centraría en dous factores, a condición social e o xénero, polo que a educación xoga un rol relevante á hora de crear identidades sociais e identidades de xénero. Relacionado con isto, a teoría da performatividade de xénero butleriana propón que o xénero orixínase e asimílase a través da reprodución cotidiana duns xestos e actos concretos, atribuídos a unha identidade e un corpo ideal determinados. A práctica de ditos xestos e actos moldearía a subxetividade das persoas que os executan, dando lugar ás formas de xénero normativas, polo que a educación xogaríase un rol determinante na configuración das feminidades e masculinidades medievais.

Neste traballo analizaremos como a tratadística especular castelá, dedicada á educación do herdeiro á Coroa, está determinada polo xénero, tanto na elaboración do xénero como na construción duns ideais de gobernantes cos que perpetuar unhas masculinidades e feminidades determinadas.

¹ Caride Gómez, José Antonio e Felipe Trillo Alonso, *Diccionario galego de Pedagogía*, Galaxia, Santiago de Compostela, 2010, p. 213.

² Cuadra García *et al.*, “Notas a la educación de las mujeres en la Edad Media” en Graña Cid, María del Mar (eds.), *Las sabias mujeres: educación, saber y autoría*, Asociación Cultural Al-Mudayna, Madrid, 1994, p. 36.

ESTADO DA CUESTIÓN

A aparición da literatura especular hispana como obxecto de estudo ten as súas orixes nos anos 90, debido ao auxe que experimentaron os estudos culturais, e entre eles o estudo da relación entre educación e cultura co ámbito político. Porén, a educación sempre foi un aspecto que se viu relegado a un plano secundario no interese científico, de modo que os historiadores, nos seus proxectos de investigación, prestaron maior atención a outras materias alonxadas da esfera da formación instructiva³.

A maior parte da produción historiográfica hispana céntrase nos espellos de príncipes en masculino. Os historiadores dedicáronse a traballar sobre un algún espello de príncipes en específico, a elaborar sínteses sobre a produción especular castelá, así como a traballar algún aspecto concreto empregando os espellos de príncipes como fonte histórica. Algúns dos investigadores que traballaron esta cuestión son Nieto Soria⁴, Asenjo Travesí⁵ ou Haro Cortés⁶. Porén, os tres grandes autores de referencia serán Nogales Rincón⁷, Palacios Martín⁸

³ Villa Prieto, Josué, “Introducción a la historiografía de la educación medieval”, *Tiempo y sociedad*, 25, 2016-2017, p. 19.

⁴ Nieto Soria, José Manuel, “Les Miroirs des princes dans l'historiographie espagnole (couronne de Castille, xur-xv siècles): tendances de la recherche” en Benedictis, A. (ed.), *Specula principum*, Klostermann, Francfort 1999, pp. 193-207.

⁵ Asenjo Travesí, Enrique, “El concepto de la infancia en la baja Edad Media a través de los espejos de príncipes”, *Historia de la educación: Revista interuniversitaria*, 38, 2019, pp. 181-194.

⁶ Haro Cortés, Marta, *Literatura de castigos en la Edad Media: libros y colecciones de sentencias*, Ediciones del Laberinto, Madrid, 2003.

⁷ Destacamos Nogales Rincón, David, “Los espejos de príncipes en Castilla (siglos XIII-XV): un modelo literario de la realeza bajomedieval”, *Medievalismo*, 16, 2006, pp. 9-40 e Nogales Rincón, David, “Educar al rey: modelos y fronteras de la literatura de espejos de príncipes en la corona de Castilla”, en Vergara Ciordia, Javier et al. (eds.), *Aulas libros y bibliotecas en la Edad Media y moderna*, Dykinson, Madrid, 2023, pp. 69-96.

⁸ Entre as súas aportacións están Palacios Martín, Bonifacio, “La educación del rey a través de los “espejos de príncipe”: un modelo tardomedieval” en Baloup, Daniel, *L'enseignement religieux dans la Couronne de Castille: incidences spirituelles et sociales (XIIIe-XVe siècle)*, Casa Velázquez, Madrid, 2003, pp. 29-43 e Palacios Martín, “El mundo de las ideas políticas en los tratados doctrinales españoles: los “espejos de príncipes” (1250-1350)” en Gobierno de Navarra (ed.), *Europa en los umbrales de la crisis. 1250-1350 [actas de la] XXI Semana de Estudios Medievales*, Pamplona, 1995, pp. 463-483.

e Bizarri⁹ Todos estes son traballos puntuais, a cerca de cuestións monográficas, pero en ningún caso introducen o xénero como categoría de análise da educación.

Teremos que esperar aos estudos sobre os *specula reginae* para que o xénero se introduza como elemento de análise dentro da literatura especular castelá. Destacan sobre todo as aportacións feitas sobre os espellos de princesa de Isabel I, con aportacións como as de Codet¹⁰, as de Haro Cortés¹¹ e a de Rábade Obradó¹². Aínda que xa son aportacións que introducen o xénero para falar da educación medieval na literatura especular, teremos que esperar aos traballos de Núria Silleras¹³ para ir un paso máis e plantexar xa o xénero como unha práctica performativa dentro da literatura especular castelá.

Aínda que contamos cunha primeira aproximación a este traballo feita por Rábade Obradó¹⁴ pretendemos ir un paso máis alá. Neste artigo Rábade Obradó fai unha comparativa entre dous espellos de príncipes e un de princesas; *El vergel de los príncipes, Jardín de nobles doncellas* e *Diálogo sobre la educación del príncipe don Juan*. A pesares de que a autora si que introduce algunha cuestión de xénero, dedícase principalmente a resaltar as ideas de cada libro así como algunha similitude ou diferenza entre cada espello. Así pois, o que pretende este traballo é plantexar como o xénero xoga un papel fundamental, no só nos contidos dun

⁹ Destaca Bizarri, Hugo Oscar e Adeline Rucquoi, “Los espejos de príncipes: entre Oriente y Occidente”, *Cuadernos de historia de España*, 79, 2005, pp. 7-30 e Bizarri, Hugo Oscar, “Sermones y espejos de príncipes castellanos”, *Anuario de estudios medievales*, 42, 2012, pp. 163-181.

¹⁰ Codet, Cecile, “Définir les vertus d’une reine des miroirs pour Isabelle Ière de Castille”, *E-Spania : Revue électronique d’études hispaniques médiévales et modernes*, 22, 2015, (consulta 4 de abril de 2024).

¹¹ Haro Cortés, Marta, “Mujer, corona y poder en un espejo de princesas: “El Jardín de nobles doncellas” de fray Martín de Córdoba” en Celma Valero, María Pilar (ed), *Vivir al margen: mujer, poder e institución literaria*, Fundación Instituto Castellano y Leonés de la Lengua, Burgos, 2009, pp. 43-57 e Haro Cortés, Marta, “Matrimonio como deber y castidad como virtud en la reina: el “Jardín de nobles doncellas” de fray Martín de Córdoba” en Chas Aguión et al (eds.), *Siempre soy quien ser solía: estudios de literatura española medieval en homenaje a Carmen Parrilla*, Universidade da Coruña, A Coruña, 2009, pp. 185-204.

¹² Rábade Obradó, María del Pilar, “Ética y política: recomendaciones de Fray Martín de Córdoba a la futura Isabel I en López-Cordón Cortezo, María Victoria et al. *Actas de la VIII Reunión Científica de la Fundación Española de Historia Moderna*, Madrid, 2005, pp. 63-76.

¹³ Silleras Fernández, Núria, “Exceso femenino, control masculino: Isabel la Católica y la literatura didáctica” en Garí, Blanca (ed.), *Redes femeninas: de promoción espiritual en los reinos peninsulares*, Viella, 2013, pp. 185-202 e Silleras Fernández, Núria, “La reina, el príncipe y el ideólogo: Alonso Ortiz y sus nociones de reginalidad en la corte de los Reyes Católicos”, *Anuario De Estudios Medievales*, 46, 2016, pp. 393-415.

¹⁴ Rábade, Obradó, María del Pilar, “La educación del príncipe en el siglo XV: Del Vergel de los Príncipes al Diálogo sobre la educación del príncipe Don Juan”, *Res pública*, 18, 2007, pp. 163-178.

tratado didáctico como son os espellos de príncipes, senón á hora de configurar a propia produción deste xénero literario. Ademais buscarase resaltar o papel que xogará a literatura especular á hora de conformar modelos de feminidades, pero tamén de masculinidades, e ver como estes se poden relacionar entre si.

1. EDUCACIÓN E XÉNERO NA CORTE

Antes de falar propiamente da literatura especular, é necesario dar unhas nocións sobre as ideas da educación na corte e o papel que xoga o xénero. Este espazo constitúese como un dos ámbitos educativos por excelencia da Idade Media. En tanto que un dos espazos de maior repercusión política, onde o privado adquire unha dimensión política, un escenario “*onde ver e ser visto*”, cada persoa debía adaptar a súa conducta á norma dada. A corte preséntase como un lugar de sociabilidade, centro da vida política, onde os fillos da clase dominante, varóns e mulleres, e especialmente os fillos dos soberanos e os señores, adquiren a formación adecuada para desempeñar o papel que haberán de representar na sociedade¹⁵. Deste xeito, a corte concíbese como un espazo de formación para os seus membros e os vástagos das grandes familias nobiliarias, onde a transmisión dunha cultura particular álzase como elemento de autoafirmación e poder, mostrado ao exterior a través de ritos, modos de comportamento, de vestir e de pasar o tempo en compañía.

Para elaborar unha doutrina pedagóxica, a maioría dos autores entenderon os diferentes períodos da vida en base a unha serie de “idades do home”. Grazas a isto relacionaban a adquisición das calidades necesarias para asumir os roles e responsabilidades dos adultos cunha etapa determinada da vida humana. Un dos máximos expoñentes desta idea foi San Isidoro, que nas súas *Etimologías* establece as idades do home en varias etapas segundo un esquema de sete anos de duración. San Isidoro defende que o que nos entenderíamos por infancia e adolescencia estaría dividido nas seguintes etapas: “*La primera edad es la infancia, desde el momento en que el niño nace, hasta que cumple los siete años. La segunda es la*

¹⁵ del Val Valdivieso, María Isabel, “La educación en la corte de la reina católica”, *Miscelánea Comillas. Revista de Ciencias Humanas y Sociales*, 134, 2011, p. 255.

niñez (*pueritia*), o etapa “pura” y aún no apta para la procreación; abarca hasta los catorce años. La tercera es la adolescencia, “adulta” ya para engendrar; dura hasta los veintiocho años”¹⁶.

Porén, estas periodizacións da vida humana, que afundían as súas raíces na Antigüidade, referíase só aos varóns¹⁷. No caso das mulleres atoparémonos con algunhas periodizacións como a do *Speculum al joder* que tomarían o desenvolvemento da sexualidade feminina e o matrimonio como principais referencias para dividir os períodos da vida feminina, o que nos plantexa xa conciencia da necesidade dunha educación diferenciada para homes e mulleres en tanto que terían unhas etapas vitais diferentes. Segundo este texto:

“La niñez, hasta que tiene ocho años; la segunda, hasta que tiene los veinte; la tercera, hasta que ha cumplido los treinta; la cuarta, hasta que ha cumplido los cuarenta; la quinta hasta que le falla el período. La característica de la primera edad es que contesta la verdad a cualquier cosa que se le pregunte y no esconde todo lo que conoce; además, no tiene vergüenza ni del hombre ni de la mujer. En la segunda edad es más vergonzosa y guarda mejor lo que sabe. En la tercera edad ya está formada de todo lo que necesita”¹⁸.

Ademais, a educación estaba relacionada cunha idea da infancia e sobre todo, da xuventude, como períodos da vida do individuo que había que moderar e gobernar para conducir aos mozos cara o bo camiño. En palabras de Ortiz, no seu *Diálogo sobre la educación del príncipe don Juan*, “Los jóvenes son apegados a los placeres y sus almas son hechizadas por las seducciones de la voluptad y enredadas en el camino del error”¹⁹. Chegaba incluso a afirmar que “toda la vida de los hombres está puesta en incertidumbre”²⁰.

¹⁶ de Sevilla, Isidoro, *Etimologías*, edición de Oroz Reta, José e Marcos Casquero, Manuel, Biblioteca de autores cristianos, Madrid, 2004, pp. 871-873.

¹⁷García Herrero, María del Carmen, “Mocedades diversas: hacia un estudio de la juventud en la Baja Edad Media” en García Herrero, María del Carmen, *Los jóvenes en la Edad Media: estudios y testimonios*, Diputación Provincial de Zaragoza: Institución “Fernando el Católico”, Zaragoza, 2018, p. 28.

¹⁸ *Speculum al joder. Tratado de recetas y consejos sobre el coito*, edición de Vicens, Teresa, José J. Olañeta, Palma de Mallorca, 2000. p. 99.

¹⁹ Ortiz, Alonso, *Diálogo sobre la educación del Príncipe don Juan, hijo de los Reyes Católicos*, edición de Bertini, Giovanni, José Porrúa Turanzas Ediciones, Madrid, 1983, p. 173.

²⁰ *Ibid*, p. 43.

Deste xeito a xuventude supoñía unha etapa protagonizada polo ardor en tódolos ámbitos da vida, de apetitos desatados e actitudes excesivas que deberían ser conducidas.

Así, a opinión xeral partía de que a educación debía empezar canto antes. *Las siete partidas*, no seu capítulo dedicado a cal debe ser o rei cos seus fillos e eles con el, sinala que “*dijeron los sabios que tales son mozos para aprender las cosas mientras que son pequeños, como la cera blanda cuando la ponen en el sello, que cuando más tierna, más pronto aprehende en ella lo que está en el sello figurado*”²¹. Recollendo unha idea similar, Ortiz explica que “*tenemos que cultivar los ingenios humanos desde los primeros años, igual que se hace con los campos fértiles, pues también siendo abundantes por su naturaleza en posibilidades, si no interviniera la cultura y la doctrina no podrá del todo darnos dulces grupos*”²². O autor apostaba por unha educación o máis temperá posible como forma de modelar ao individuo nos seus primeiros anos de vida, cando esta tarefa podía resultar o máis exitosa posible pola maleabilidade dos nenos.

Polo tanto, así a infancia como a adolescencia eran períodos dominados polas paixóns e non suxeitas á razón, así que os individuos precisaban da educación; dunha serie de castigos entendidos como bos consellos e sancións que ensinasen aos mozos boas maneiras e costumes. Grazas á adquisición de disciplina e bos costumes, a persoa adquiriría unha serie de virtudes que lle permitirían desenvolver as tarefas ás que estivera destinada no futuro. Ademais, no caso masculino, chegar a ser home dependía, en parte, de que o individuo demostrara na súa conducta que deixara atrás os hábitos desordenados e disipados da xuventude, polo que a masculinidade entendíase como o produto final da maduración e como unha etapa específica do ciclo vital masculino²³.

Para entender como se concebía a educación dos príncipes e princesas dentro da corte resulta necesario acudir de novo a *Las Siete Partidas*. O texto sinala que:

²¹ Alfonso el Sabio, *Las Siete Partidas (selección)*, Red ediciones, Barcelona, 2011, p. 58.

²² Ortiz, *Diálogo sobre la educación del príncipe don Juan, hijos de los Reyes Católicos*, p. 107.

²³ Lewis, Katherine, *Masculinity in Late Medieval England*, Routledge, Abingdon, 2013, p. 8.

“Vehemencia debe tener el rey en hacer criar bien a sus hijos, con una gran bondad y muy limpiamente. Y esto por dos razones; la una de ellas es según naturaleza; la otra, según entendimiento, pues naturalmente todas las cosas que tienen hijos se desviven por criarlos y darles abundancia de lo que les es menester cuanto más pueden, cada una según su naturaleza, y si esto hacen los animales, que no tienen entendimiento cumplido, mucha más lo deben hacer los hombres en quien hay saber y conocimiento, y mayormente los reyes, porque todos sus hechos han de ser cumplidos y abundados más que los de los otros hombres. Ellos deben en sí ser nobles y de buenas mañas y sin ningún mal, por razón de la nobleza que les viene de parte del padre y de la madre. La otra razón que es según entendimiento, que sean criados muy limpiamente y con gran apostura, y muy conveniente es que los hijos de los reyes sean limpios y apuestos en todos sus hechos: lo uno por hacerlos más nobles en sí mismos, y lo otro por dar con ello buen ejemplo a los otros”²⁴.

De aquí podemos extraer dúas ideas básicas: en primeiro lugar a concepción da educación principesca como unha responsabilidade dos pais, neste caso o rei e a raíña. En segundo lugar, a necesidade de que conten coa mellor educación posible. Deriva, por un lado da condición nobre do rei e da raíña, xa que os nenos nados de pais virtuosos teñen moitas máis probabilidades de converterse en fillos virtuosos que os nados de pais cuxo comportamento era reprobable; e por outro, do feito de que ao situarse no cume do escalafón social debían ser un modelo para o resto da sociedade, debían dotarse de un conxunto de bondades e virtudes que os distinguisen do resto e que lles permitisen gobernar o reino.

En *El tesoro de la ciudad de las damas*, Christine de Pizan recolle a mesma idea. Para a autora, era *“bien licito y conveniente que aquellos y aquellas, tanto mujeres como hombres que Dios ha establecido en altos puestos de poder y dominación, que cuanto más altos, sean mejor educados que otras personas y dotados de bellas doctrinas y de buenas obras con el fin de que su reputación sea más venerable y que como ellos son seguidos e imitados en las*

²⁴ Alfonso el Sabio, *Las Siete Partidas (selección)*, p. 57.

cosas mundanas y temporales, igualmente en la vida espiritual sean para todas las personas espejo”²⁵.

Así pois, tanto príncipes como princesas, ao situarse no cumio social debían ser o modelo perfecto para o resto do reino, e á súa vez necesitaban desta educación para poder diferenciarse do resto. Isto responde á idea que vimos anteriormente de como a concepción da educación respondía ás expectativas sociais, e polo tanto creaba modelos educativos en función da clase social. Porén, a educación dos infantes e das infantas contaba con diferencias entre si. Por un lado debemos sinalar a diferenza que existiría entre o príncipe herdeiro, e o resto dos irmáns, xa que, como explica fray Martín de Córdoba: “*El que ha de regir pueblos conviene que ha de sea más sabio que todos, que ha de gobernar a si mismo como cada uno de los otros, y ha de regir su casa como los otros casados, e más ha de regir su reino*”²⁶.

A educación do príncipe herdeiro convertíase nunha cuestión de estado para o monarca. Constituía unha materia moi seria, pois a educación considerábase que afectaba non só á persoa senón a todo o reino en tanto que a virtude para gobernar xustificábase a partir da propia virtude moral. A rectitude moral do rei, así como o seu exemplo, eran elementos vitais de cohesión e ordenación social. Neste sentido, só o castigo divino podía moderar os excesos dun xoven rei malvado ou dun tirano adulto como castigo último no caso de que a educación non tivese provisto ao rei de bos modelos de comportamento cristián, polo que ser educado resultaba imprescindible para poder gobernar o reino correctamente²⁷. Así pois, dende o século XII foise expandido a idea dun rei sabio e virtuoso como garante do bo goberno, un ideal de *rex lilliteratus* recollido por John de Salisbury na frase *Rex illitteratus est quasi asinus coronatus*²⁸ (o rei iletrado asemella un asno coronado). Nesta frase recollíase o ideal

²⁵ de Pizán, Christine, *El tesoro de la ciudad de las damas*, edición de Sala Villaverde, Alicia, Biblioteca de autores cristianos, Madrid, 2020, p. 163.

²⁶ Córdoba, Martín, *Jardín de nobles doncellas*, edición de García Morales, Justo, Joyas Bibliográficas, Madrid, 1953, p. 7.

²⁷ Echevarría Arsuaga, Ana, “La juventud de los hijos del rey en la Castilla del siglo xv”, *Mélanges de la Casa de Velázquez*, 34, 2004, (consulta 22 de marzo de 2024).

²⁸ Rodríguez de la Peña, Manuel Alejandro, “Los espejos de príncipes y la transmisión del saber en el Occidente Medieval”, *Cuadernos de pensamiento*, 17, 2005, p. 128.

sapiencial como un elemento lexitimador do monarca, e polo tanto, un elemento máis do seu poder e aquel que o distinguía do resto da sociedade.

Ademais, a educación de infantes e infantas contaría con outra diferenza fundamental, que se sustentaba a partir do xénero. Xa comentamos antes como a educación de cada individuo dependía das expectativas sociais depositadas. As atribucións a varóns e a mulleres eran distintas conforme ao seu xénero, polo que se configuraba unha educación sexuada para o seu futuro. Así pois, subministrábanse coñecementos diferenciados que son os que completan a educación dos nenos e nenas, a que precisaban para atender ao comportamento que a sociedade esixía en cada caso.

Durante a primeira etapa de vida, a *infantia*, que iría ata os sete anos, a educación de nenos e nenas era conxunta. Nesta fase educativa adquiríanse as nocións básicas de como comportarse en sociedade. Eran os coñecementos máis relacionados co comportamento social, coa aprendizaxe de usos e xestos que desenvolver no futuro. Segura Graíño denomina a esta etapa propiamente como *educación*, e afirma que a pesares desta educación común, “*ya se señalaban formas de comportamiento propias de cada sexo, el silencio, la oración, la obediencia, la modestia y el no estar ociosas eran normas de obligado cumplimiento e imprescindibles para ser consideradas como mujeres bien educadas*”²⁹.

Neste período de tempo, a nai era a encargada da crianza dos seus fillos e fillas. Christine de Pizan defende esta idea no seu libro *El tesoro de la ciudad de las damas*, dicindo que “*La tercera enseñanza de Prudencia a la sabia princesa es que si tiene hijos debe tener cuidado de ellos y de su gobierno. Y por ello la sabia princesa tendrá cuidado sobre cómo se les educará y quienes son los que les estarán instruyendo y como estos estarán haciendo su deberes*”³⁰. Dende esta tarefa como educadora, que respondía a súa obriga de ter abastecida a súa casa de todo o que a familia precisaba, preocuparse da saúde e benestar dos membros da unidade familiar e de introducir na sociedade aos máis novos, a nai, neste caso a raíña,

²⁹ Segura Graíño, Cristina, “La educación de las mujeres en el tránsito de la edad media a la modernidad”, *Historia De La Educación*, 26, 2007, p. 76.

³⁰ de Pizán, *El tesoro de la ciudad de las damas*, p. 251.

proxectaba a súa influencia nos seus fillos, que se podía prolongar unha vez superada a infancia.

A partir desa idade, as diferencias na educación de ambos sexos comencan a ser notables. Ata ese momento recibiran unha educación relativamente similar, no mesmo espazo e dirixida pola figura materna. Agora, nesta segunda fase que Segura Graíño recolle co nome de *instrucción*³¹, incúlcase a educación precisa para que os nenos e as nenas adquiran os coñecementos precisos para responder ás funcións que impón a sociedade. Aquí é cando se consolidan as diferezas sustanciais nos coñecementos que deben recibir os infantes.

Por un lado, os varóns recibirían una instrucción baixo o modelo do *defensor esforzado*³², relacionado coas súas futuras actividades guerreiras. Para isto dedicarían gran parte da súa formación ao entramento para o combate, centrándose na aprendizaxe de montar a cabalo e o uso das armas. Como complemento e entramento físico das actividades militares empregarían o exercicio da caza, que resulta o trasunto da actividade bélica nos tempos de paz. Nesta fase educativa a dirección facíase baixo a influencia da figura paterna, e eran sobre todo actividades concebidas para o espazo público, o espazo onde se fai o valorado socialmente, créase pensamento e cultura, desenvólvese a actividade económica, as relacións políticas, etc. Ademais desta formación máis bélica habería unha parte máis dedicada á educación cortesá; a adquisición de pautas de conducta, a práctica dun ocio refinado, que consiste na literatura e na música, e a instrucción intelectual, que a medida que transcurre a Idade Media e nos achegamos ao Humanismo adquiriría cada vez máis importancia.

Por outro lado, a educación das mulleres, baixo o modelo da *doncela virtuosa*³³, centrábase en ser boas cristiás e boas esposas, o que conducía a que tamén debesen ser boas nais. Era, polo tanto, unha educación centrada no matrimonio; en ensinarlles como tratar co esposo e xestionar o propio fogar. Debían cultivar a castidade, a modestia, a humildade e o silencio. Era polo tanto unha educación centrada na adquisición dunha boa conducta, nas

³¹ Segura Graíño, “La educación de las mujeres en el tránsito de la edad media a la modernidad”, p. 69.

³² García Herrero, “Mocedades diversas: hacia un estudio de la juventud en la Baja Edad Media”, p.41.

³³ *Ibid*, p. 41.

artes de costura e o tecido, etc. Unha cuestión fundamental resultou a aprendizaxe da lectura e da escritura que, ao contrario que no caso masculino non era un requisito imprescindible, pero a medida que nos achegamos ás capas máis altas da sociedade e que avanzamos no tempo, deféndese a adquisición destas habilidades para as mulleres, sobre todo o que tiña que ver coas Sagradas Escrituras en tanto que podían constituír exemplos de boa conducta para as mulleres.

Segundo Christine de Pizan: “*Y la princesa querra que cuando la chica este en edad, aprenda a leer, después que sepa sus horas y los servicios que corresponde y maneje libros de devoción y contemplación donde se hable de buenas prácticas y no de cosas vanas, estúpidas o disolutas*”³⁴. A diferenza do caso masculino era unha educación que seguía sendo dirixida pola nai e as mulleres da familia, e que se centraba sobre todo no ámbito privado.

Por último, Segura Graíño recolle unha última etapa, *a sabiduría*³⁵, que daría lugar á creación dun pensamento científico propio, a sabedoría. Se ben era unha etapa ben valorada para a educación masculina, o feito de que non se instruíse na lectura e na escritura a tódalas mulleres, senón unicamente ás de capas mais altas da sociedade, limitou o acceso feminino ao coñecemento. Porén, grazas ao proxecto humanista e á Querella das Mulleres comezouse a defender que as nenas tiñan as mesmas capacidades que os nenos para recibir instrución, aprender a ler e a escribir, o que permitiu a ampliación da educación feminina.

2. LITERATURA ESPECULAR E AUSENCIA DUN MODELO FEMININO PARA AS MULLERES

Partindo destas ideas, o estudo da educación real a través dos espellos de príncipes resulta un elemento fundamental para a análise desta educación sexuada. Dende a segunda metade do século XIII, deuse unha proliferación da literatura relativa ao adoctrinamento de príncipes, que terá a súa principal manifestación neste xénero coñecido como *speculum principum*. Con

³⁴ de Pizán, *El tesoro de la ciudad de las damas*, p. 253.

³⁵ Segura Graíño, “La educación de las mujeres en el tránsito de la edad media a la modernidad”, p. 72.

este nome referímonos a unha serie de tratados de carácter político e moral que recollen as directrices morais e de goberno básicas que habían de inspirar a actuación do bo soberano cristián³⁶. Caracterízanse pola súa heteroxeneidade, por ser unha mestura de discursos históricos e consellos morais, filosóficos, científicos, relixiosos, sanitarios, económicos e políticos, cohesionados por unha argamasa didáctica e enciclopedista que baixo o nome de *instrucción, regimiento, directorio* ou *castigo*, vóllese de diferentes formas expositivas. Por este motivo óptase por acuñar outros termos como *literatura de espejos de príncipes*³⁷ que reflectan a complexidade dos formatos e a flexibilidade conceptual con que se debe abordar este tema.

Os espellos de príncipes preséntanse como obras dirixidas especificamente á educación dun príncipe ou soberano concreto, pero pola súa elaboración dun modelo ideal foron empregados para a educación aristocrática, así como por outros príncipes. Por exemplo, na biblioteca de Isabel I atopamos exemplares de *Regimiento de príncipes, Flores de filosofía, Bocados de Oro* ou *Calila y Dimna*³⁸, elaborados nos séculos XIII-XIV e probablemente pensando noutros monarcas. Ademais, ao ser dirixidos ao futuro monarca, teñen unha dimensión política que non podemos esquecer. Estes tratados definen ao príncipe/rei como o principal personaxe do reino. Parten da idea de que só a educación do rei adecuadamente encauzada podía asegurar a boa marcha do reino; xa que por un lado só o rei que se puidese gobernarse podía gobernar ao seu pobo e por outro lado o rei, grazas ao seu nobre nacemento, debía ser a persoa máis virtuosa do reino. Deste xeito, a educación funcionaba como unha ferramenta que permitía ao príncipe lexitimar a súa posición preeminente e transmitir unha imaxe monárquica concreta, e por tanto a produción de literatura especular foi un elemento cultural fundamental para a política medieval. Atoparemos a raíñas como grandes mecenas de obras didácticas e especulares, como Catalina de Lancaster con *Las siete edades del*

³⁶ Nogales Rincón, “Los espejos de príncipes en Castilla (siglos XIII-XV): un modelo literario de la realeza bajomedieval”, p. 9.

³⁷ Nogales Rincón, “Educar al rey: modelos y fronteras de la literatura de espejos de príncipes en la corona de Castilla”, p. 80.

³⁸ Sánchez Cantón, Francisco Javier, *Libros, tapices y cuadros que coleccionó Isabel la Católica*, CSIC, Madrid, 1950, pp. 21-22.

*mundo*³⁹, e que logo veremos con Isabel I e *Diálogo sobre la educación del príncipe don Juan*⁴⁰

Na Coroa de Castela, o xénero dos espellos de príncipes conta cunha tradición máis que consolidada dende os séculos XIII e XIV, unha tradición feita en masculino, pola vinculación do poder e do saber aos homes, polo que estes tratados axudaron a crear unha educación sexuada na corte que exclúe ás mulleres como destinatarias. Eran obras nadas nun ambiente oficial, a corte, e promovidas polos reis para a educación do heredeiro. Sobre o por que deste nacemento, Nogales Rincón apunta a tres factores. Por un lado, o progreso de centralización do poder rexio en torno ao proceso coñecido como as *orixes medievais do estado moderno* (consolidación do exercicio efectivo do poder rexio afirmando o dominio sobre o reino e a defensa da monarquía fronte a outras instancias de poder⁴¹), a reforma relixiosa promovida dende o Concilio de Letrán (insistencia na dimensión ético-relixiosa da nobreza) e o renacemento do século XII (difusión das imaxes ideais do rei sabio e a relevancia concedida á sabiduría para o goberno)⁴² Porén, dende a Plena Idade Media hispana xa se foi herdando un pensamento elaborado en torno a cómo debía construír a figura do rei. Falamos dunha tradición literaria de formar ao príncipe nos seus deberes dende a época visigótica, reflectida nos textos conciliares e nos códigos xurídicos como o *Liber Iudicum*, que comeza cun dictamen relativo ao “bo rei” que debía temer a Deus e defender a verdadeira fe e ser xusto, misericordioso, piadoso e moderado. Tamén o propio Isidoro de Sevilla nas súas *Etimologías* eloxiou ao rei moderado e atemperado⁴³.

³⁹ Echevarría, “La juventud de los hijos del rey en la Castilla del siglo XV”, (consulta 22 de marzo de 2024).

⁴⁰ del Val Valdivieso, “La educación en la corte de la reina católica”, p. 261.

⁴¹ Poderíamos citar como exemplo algunhas das últimas aportacións como a de Carlos Laliena, Laliena Corbera, Carlos, “Medidas desesperadas. Crisis de las finanzas, apropiación de las rentas eclesiásticas y construcción del Estado en el reinado de Pedro el Grande en Aragón”, *En la España medieval*, 46, 2023, pp. 167-187

⁴² Nogales Rincón, “Educar al rey: modelos y fronteras de la literatura de espejos de príncipes en la Corona de Castilla”, p. 69-70.

⁴³ Bizarri, *et al.*, “Los espejos de príncipe: entre Oriente y Occidente”, p. 8.

A literatura especular hispana nacerá fortemente influída pola tradición oriental no referente aos motivos literarios, modelos expositivos e esquemas xerais de organización⁴⁴. Falamos de tratados caracterizados por unhas ensinanzas baseadas en apólogos, sentencias e fábulas que se converterán nunha fonte para as primeiras obras castelás dirixidas á educación do soberano. Será durante os reinados de Fernando III e Alfonso X cando aparecerá este primeiro grupo de tratados. En xeral centrábanse máis nos aspectos ético-morais en base a sistemas de vicios e virtudes que na doutrina política. Entre os espellos máis relevantes contamos coas versión castelás de *Calila y Dimna*, *Bocados de Oro*, *Poridat de poridades* e *Secreto de los secretos* e a elaboración do *Libro de los doze sabios*, composto cara 1237 a petición do rei Fernando III para educar ao seu fillo, *Flores de filosofía*, de mediados-finais do XIII e *Flores de derecho* para a formación de Alfonso X.

Cara finais do século XIII comenzaron a aparecer en Castela tratados políticos, que se ben seguían recollendo moitos dos preceptos da tradición oriental, mesturáronse cunha tradición occidental que se estaba configurando en Francia e Inglaterra. Ao longo do século XIII os espellos de príncipes fóronse beneficiando dunha “tradición altomedieval eclesiástica” baseada na concepción moral platónica, a ética estoica e a literatura xurídica, así como unha tradición aristotélica derivada da *Ética* e *Política*⁴⁵. Aquí entran o *Policratus* (1159) de John de Salisbury, o *Speculum Majus* (siglo XIII) de Vicent de Beauvais, pero sobre todo *De regimine principum* (1282) de Egidio Romano, o gran espello de príncipes da Idade Media e o que acabou influenciando ao resto de espellos de príncipes deste periodo.

O primeiro espello de príncipes castelán que se relaciona coa chegada desta nova corrente occidental prodúcese durante o reinado de Sancho IV, un momento que significou a instalación da clerecía no poder, que se reflicte claramente nas obras literarias que realizou este monarca. Con *Castigos del rey don Sancho IV* (1292-93), incorpóranse, dunha forma ampla as fontes occidentais, tanto latinas como francesas, así como as fontes do dereito

⁴⁴Nogales Rincón, “Los espejos de príncipes en Castilla (siglos XIII-XV): un modelo literario de la realeza bajomedieval”, pp. 15-16.

⁴⁵Nogales Rincón, “Educar al rey: modelos y fronteras de la literatura de espejos de príncipes en la Corona de Castilla”, pp. 86-87.

castelán, fundamentalmente das Partidas, e do dereito canónico a través das Decretales. Dedicado ao seu fillo Fernando IV, está escrito a modo de consellos que da un pai ao seu fillo creando unha estrutura tripartita en ética, economía e política, seguindo as ideas de Egidio Romano. Esta consolidación das formas occidentais concretízase 1344 coa *Glosa castellana al regimiento de príncipes* que realiza que fray Juan de Castrojeriz do *De regimine principum* de Egidio Romano, utilizado para a educación do príncipe Pedro I.

Nos séculos XIV y XV será unha tendencia na que se profundice. Do XIV podemos destacar algún como *Proverbios morales* (1355-1369), pero será sobre todo no XV, e en concreto durante o reinado dos reis católicos cando este xénero teña un gran auge. Exemplos serán el *Vergel de los príncipes* (1456) para Enrique IV, *Doctrinal de príncipes* (1474-1477) para Fernando o Católico, *Directorio de príncipes para el buen gobierno de España* dedicada aos dous Reis Católicos, e o *Dialogum inter regemet reginam de regime regni* de Alonso Ortiz (1490), o último dos espellos de príncipes da Idade Media dedicado á educación do príncipe Xoán, fillo de Isabel I.

No caso feminino, fronte a esta tradición masculina dos espellos de príncipes con diversas influencias ao longo de dous séculos, será unha circunstancia excepcional, o posible ascenso dunha raíña ao trono castelán, a que dará orixe a un novo xénero, os *specula reginae*. Deste xeito, en 1468 aparece o primeiro espello de princesa, o *Jardín de Nobles doncellas* de fray Martín de Córdoba.

Os *specula reginae* presentan concomitancias cos espellos de príncipes no que respecta ás cuestións sobre o reximento do goberno, sobre como debe ser a actuación do gobernante, e polo tanto na súa faceta máis especular e educativa. Martín de Córdoba estrutura o contido da súa obra seguindo uns preceptos pedagóxicos claros, baseados no número 3 e 10 para facilitar a memorización das ensinanzas⁴⁶, polo que destaca o papel do tratado na educación da princesa. Porén, o feito de que fose unha muller a destinataria presenta unha serie de

⁴⁶ Haro Cortés, “Matrimonio como deber y castidad como virtud en la reina: el “Jardín de nobles doncellas” de fray Martín de Córdoba”, p. 191.

particularidades, sobre todo nunha maior incidencia dos *specula reginae* como tratados de lexitimación política, o que nos mostra como o xénero funcionaba como un condicionante na elaboración da tratadística.

Jardín de nobles doncellas é elaborado en 1468, pouco despois do pacto dos Toros de Guisando cando Isabel é nomeada herdeira ao trono castelán, o que implicaba que habería que lexitimar o seu acceso ao poder e as súas capacidades como muller para gobernar. Un fragmento ilustrativo dos argumentos empregados polo fraile atópase na dedicatoria do tratado, “*a la Ilustrísima y muy poderosa Señora la reina Doña Isabel, señora nuestra, hija legítima y progénita del clementísimo y de resplandeciente memoria del rey Don Juan, postrimero deste nombre. Con toda reverencia se inclina a los pies de su imperiosa Magestad, besando aquellas manos dignas de regir las riendas de este reino e sobre mis ynojos cayendo con toda suplicante devoción*”⁴⁷.

Aquí Martín de Córdoba combina tres tipos de discurso: o discurso do *dereito lexítimo* a suceder no trono, como herdeira de do rei Xoán II; o discurso do *poder real*, como atribución da soberanía y como afirmación da capacidade de dominación e en terceiro lugar o discurso teolóxico-relixioso⁴⁸, ao que debemos engadir o discurso ético desenvolvido ao longo do tratado, na que “*en la hedad que es, tiene tal olor de florecientes virtudes, las cuales muestran que, quando el fruto será maduro, terna perfeto dulçor de graves costumbres*”⁴⁹. Isto mestúrase con algunhas alusións á tiranía e os malos reis, así como as circunstancias polas que o mesmo perdería o trono, na que algúns investigadores verán referencias ao reinado de Henrique IV. Así pois, ademáis da súa faceta educativa, contaría con outra de lexitimación monárquica e desacreditación de Henrique IV, co que favorecer o bando isabelino na futura guerra.

⁴⁷ Córdoba, *Jardín de nobles doncellas*, p. 7.

⁴⁸ Carrasco Manchado, Ana Isabel, “La toma del poder de Isabel I de Castilla. Golpe a la legitimidad de Enrique IV” en Foronda Francis et al. (eds.), *Coups d'Etat à la fin du Moyen Âge?: aux fondements du pouvoir politique en Europe occidentale*, Casa de Velázquez, Madrid, 2009, p. 338.

⁴⁹ Córdoba, *Jardín de nobles doncellas*, p. 7.

Porén, o principal obstáculo da lexitimación sería a condición feminina. Para iso, os *specula reginae* tiveron que crear unha tradición propia, unha tradición que recollera toda a información sobre a educación feminina e no que a Querella das Mulleres supuxo un antes e un despois na creación do xénero.

En tanto que a educación feminina tiña un papel menor que a masculina, isto vai ser reflectido dentro da tratadística. Os grandes autores especulares prestaron moita menos atención á ensinanza das rapazas fronte aos rapaces. Por exemplo Egidio Romano, dentro do *De regimine principum* só conta con tres capítulos que están dedicados á instrución das nenas, mentres que Beauvais no *De Eruditione Filiorum Nobilium* dedica dez capítulos dos cuarenta e un totais a falar sobre a educación feminina⁵⁰. Porén, nos séculos XIII-XV atopamos unha serie de manuais de conducta femininos, baixo a denominación de *avertimento, enseignement, miroir, speculum o reggimento* que comparten algúns contidos e finalidades cos espellos de princesas, especialmente no que respecta á faceta moral da muller e o papel que desempeña como esposa na vida matrimonial⁵¹. Esta tradición empezaría en Francia coas cartas escritas por San Luis ás súas fillas casadas, pasando polo *Miroir des bonnes femmes* (ca. 1250), *Le livre du Chevalier de la Tour Landry pour l'enseignement de ses filles* (1371), e o anónimo *Ménagier de Paris* (1393). Dentro de Castela poderíamos enmarcar *Castigos y doctrinas que un sabio daba a sus hijas* así como a *Relación de la doctrina que dieron a Sarra* de Fernán Pérez de Guzmán de finais XV.

Partindo disto, a Querella das Mulleres permitiu dar unha nova perspectiva á educación feminina. A Querella creou un debate intelectual entre os séculos XIII-XIV relativa á natureza da condición feminina. Implicou a aparición dunha serie de autores que coas súas obras se declararon como filóxinios ou misóxinios, pero non só supuxo un debate literario senón unha reflexión sobre o papel que debían exercer as mulleres na sociedade. Os autores filóxinios

⁵⁰ Echevarría Arsuaga, Ana, “La juventud de los hijos del rey en la Castilla del siglo XV”, (consulta 22 de marzo de 2024).

⁵¹ Mangas Navarro, Natalia Anaís, *La criança y virtuosa dotrina de Gracia Dei: estudio y edición crítica*. Tese de doutoramento, Universitat d'Alacant, 2020, p. 191.

defendían que nas mulleres tamén se podían atopar cualidades e virtudes e non só vicios⁵², polo que revalorizaron a intelixencia a as actuacións femininas. De aquí xurdirá unha preocupación pola educación e pola preparación que ha de recibir a muller para cumprir coas súas tarefas futuras e para refrenar os defectos que se atribúen ao xénero femenino. Será este contexto o que implique o xurdimento do primeiro *specula reginae*, *El tesoro de la ciudad de las damas* (1405) de Christine de Pizan, un novo xénero que ao defender a educación e a capacidade de gobernar das mulleres adoptou unha posición activa a favor das mulleres nesta querella.

En Castela, a Querella expandiuse grazas ao labor cultura da raíña María de Aragón, que creou o ambiente necesario para o xurdimento do xénero. Por esta razón, os *specula reginae*, e *Jardín de nobles doncellas*, ademáis de ser tratados formativo-educacionais, compendios de castigos ético-morais, e ensaios de lexitimación política, por esta defensa das capacidades femininas de goberno, enmárcanse como textos profemininos.

3. OS MODELOS EDUCATIVOS DOS ESPELLOS DE PRÍNCIPES E PRINCESAS

Así pois, o xénero didáctico dos espellos de príncipes e princesas, ao concebirse a partir da creación de modelos ideais de gobernantes, resultan interesante para estudar a educación masculina e feminina dentro da realeza. Deste xeito, mediante a creación destes modelos ideais, configuraríanse unhas determinadas ideas de masculinidade e femineidade hexemónicas nas que educar aos individuos. A orde política podería verse como un reflexo da sociedade no seu conxunto, en cuxo caso as virtudes políticas enténdense mellor como as virtudes masculinas. Á inversa, a política formal pode verse como un factor dinámico no mantemento e fortalecemento da orde de xénero: o Estado actuaría para reforzar as normas masculinas⁵³.

⁵² Rábade Obradó, María del Pilar, “El arquetipo femenino en los debates intelectuales del siglo XV castellano”, *En la España medieval*, 11, 1988, p. 263.

⁵³ Lewis, *Masculinity in Late Medieval England*, p.3.

Para estudar ambos modelos educativos tomaremos como referencia un espello de princesa e outro de príncipe. No caso do espello de princesa tomaremos o elaborado por fray Martín de Córdoba, *Jardín de nobles doncellas*, escrito en 1468 pouco despois do pacto dos Toros de Guisando, cando a princesa Isabel queda nomeada como herdeira ao trono castelán, e polo tanto faise necesario que esta conte cun tratado que lle inculque a educación necesaria para converterse na raíña ideal. No caso do espello de príncipes, tomaremos un de época similar para marcar un mesmo contexto histórico que nos permita entender mellor as diferencias de xénero entre espellos de príncipes e princesas. Para elo referirémonos ao *Diálogo sobre la educación del príncipe don Juan*, escrito na década dos 90 do século XV por Alonso Ortiz para aconsellar á raíña sobre a mellor forma para educar ao primoxénito e herdeiro, o príncipe Xoán.

En canto ao modelo de príncipe que se propón, aínda que este tratado se centre máis nas cuestións relativas ao proceso pedagóxico que nas doutrinas políticas ou morais, podemos extraer ideas que nos permitan ver como se vai construído a educación, e por tanto a masculinidade do rei. O rei debía ser o mellor dos homes. Para iso, Ortiz recorda a necesidade de que o príncipe cultive, dende neno, toda unha serie de calidades e virtudes que lle permitan fuxir dos vicios e das malas inclinacións. Como xa fomos comentando antes, “*Los particulares, para alcanzar la bondad, sostienen pugnas duras contra sus pasiones, sostienen luchas contra las cosas exteriores y en contra de sus adversarios*”⁵⁴. Así pois, para vencer ás paixóns que conducen de forma natural cara o pecado, o príncipe debía cultivar unha serie de virtudes. A acción virtuosa relacionábase co *vir*, o home, e esta lográbase mediante a determinación racional do camiño correcto, e logo mediante o vigor e a firmeza que permitían atenerse a este camiño, a pesares dos impulsos da tentación corporal. En palabras de San Isidoro nas súas *Etimologías*: “*El nombre de varón (vir) se explica porque en él hay una mayor fuerza (vis) que en la mujer; de aquí deriva también el nombre de “virtud”; o tal vez porque obliga a la mujer por la fuerza*”⁵⁵.

⁵⁴ Ortiz, *Diálogo sobre la educación del príncipe don Juan, hijos de los Reyes Católicos*, p. 41.

⁵⁵ de Sevilla, *Etimologías*, pp. 42-43.

O control de si mesmos mediante a razón era a clave desta visión da virilidade, e o que diferenciaba ao homes dos xoves e das mulleres que, como resultado dunha natureza física inconstante, eran menos capaces de resistir os impulsos dos pecados. Deste xeito, *“si la razón no es respetada por ella misma por las fuerzas inferiores del alma, se verá llevada a los céspedes y a las espinas y sin el culto del saber cae en medio de los cardos y de las ortiga”*⁵⁶.

Entre as virtudes que debe cultivar o rei, as que máis se destacan son, por un lado a prudencia, que xa fomos introducindo antes, e por outro a sabedoría xa que *“existen almas que tienen fuerzas y potencias en las cuales han lucido las virtudes; almas que tienen una razón en la cual brillan sabiduría y prudencia junto con una voluntad que engendra fuerte justicia, deseable fortaleza y temperancia”*⁵⁷. É dicir, do cultivo da sabedoría e da prudencia, o rei sería capaz de cultivar outras virtudes tales como a xustiza, a fortaleza e a temperancia, e grazas a isto *“su reino entonces adquirirá estabilidad y firmeza”*⁵⁸. Tamén se remarca a importancia da sobriedade, pois *“Los muchachos tienen que educarse a la sobriedad y deben aprender a no ser indulgentes hacia la gula, cuanto conviene a la salud y a la sobriedad”*⁵⁹. É relevante que se incide na importancia de educar ao príncipe en *“todo temor de Dios, lo acostumbre a los artículos de fe y a sus preceptores”*⁶⁰. Isto poderíamolo relacionar coa piedade, unha virtude tipicamente feminina pero que debía cultivar o príncipe, o que nos mostra como para ser un bo gobernante, o rei tamén tiña que incluír calidades como a misericordia, a piedade, a mansedume e a humildade, que a miúdo se identificaban como femininas. Así fronte a algúns autores que sinalan que *“Ortiz propone un modelo educativo aplicado al varón, en el que la religiosidad y los valores morales ocupan un lugar mucho más secundario”*⁶¹, deberíamos matizar esta visión.

⁵⁶ Ortiz, *Diálogo sobre la educación del príncipe don Juan, hijos de los Reyes Católicos*, p. 97.

⁵⁷ *Ibid*, p. 60.

⁵⁸ *Ibid*, p. 108.

⁵⁹ *Ibid*, p. 171.

⁶⁰ *Ibid*, p. 156.

⁶¹ Rábade, Obradó, “La educación del príncipe en el siglo XV: Del Vergel de los Príncipes al Diálogo sobre la educación del príncipe Don Juan”, p. 177.

Para esta formación do príncipe, Ortiz propón un modelo integrador de armas e letras que determinaba o modelo perfecto de cabaleiro educado e instruído tal e como era concebido na Castela de finais dos XV, no que se mesturaba a instrución intelectual coas armas e a caza. O primeiro paso empezaría nos primeiros anos, cando o príncipe estea empezando a falar e se lle ensinen fábulas. Unha vez que xa dominen a fala, este deberá introducirse na aprendizaxe da lectura e da escritura, onde *“conviene que se les propongan lecturas que lleven a la religión, a la piedad y a la fe”*⁶². Deste xeito, a alma do príncipe cristián *“debe ser educada a escuchar a menudo el hombre de Dios, aprender a confesarlo como uno y trino y a acostumbrar su pensamiento a creer los demás artículos de fe”*⁶³, para pasar despois ao cultivo das letras seculares, unha vez que a súa alma xa se formase no preceptos da fe. Unha vez dominada a lectura e a escritura, o príncipe habería de dedicarse ao estudio daquelas disciplinas que se consideraban necesarias para a súa formación, en función de cales eran as súas inclinacións.

Porén, Alonso Ortiz tamén se preocupou por instruír ao herdeiro ao trono nos hábitos persoais que debía desenvolver para obter o respecto e o cariño dos seus súbditos. Entre eses hábitos persoais o que máis destaca sen lugar á dúbidas é o cultivo do corpo, exercitándoo fisicamente para as tarefas militares que debería asumir o rei cando chegase ao trono. Aínda que a aprendizaxe do uso das armas e do combate foi perdendo forza a medida que entramos na modernidade, seguía tendo un peso relavante na educación do príncipe. Neste sentido, é importante resaltar que moitas veces a idea de grandeza dun rei relacionábase co seu estatus como gran líder guerreiro. Deste xeito, Ortiz destacaba que no era preciso descoidar o corpo porque *“El ejercicio hace los miembros del cuerpo aptos a cumplir las acciones exteriores, o los movimientos saludables o los actos virtuosos a ventaja del próximo”*⁶⁴. O autor propoñía dúas actividades: a ximnasia e a caza. A ximnasia porque *“recordemos que los antiguos seguían un arte para lograr la belleza del cuerpo, arte que*

⁶² Ortiz, *Diálogo sobre la educación del príncipe don Juan, hijos de los Reyes Católicos*, p. 161.

⁶³ *Ibid*, p. 163.

⁶⁴ *Ibid*, p. 166-167.

llamamos gimnasia. Esta enseña a ejercer el cuerpo con varios movimientos”⁶⁵. Ademais, grazas a esta práctica o príncipe podería fuxir dos adornos do corpo.

A outra práctica que recomendaba para o exercitamento do corpo sería a caza, dicindo que *“es aconsejable que vengan ejercitados en la caza y a pie para adquirir agilidad y robustecer los músculos”*⁶⁶ Era outro exercicio que se relacionaba coa formación militar do rei, en tanto que resultaba un entrenamiento bélico en tempos de paz, e que era unha actividade propia da nobreza. Nas súas dúas formas, a montería e a cetrería foron abundantemente practicadas por toda a nobreza occidental medieval, e entendíase que axudaban ao cultivo dalgunhas virtudes como o sosiego, medida, a discreción, expresando unha harmonía que se pode resumir no control das paixóns e os apetitos.

En canto ao modelo que se se propón no espello de princesa, temos que partir en primeiro lugar das opinións dalgúns investigadores sobre esta cuestión. Rábade Obradó en 2007 sinalaba que *“lo cierto es que el agustino ofrece a Isabel un modelo que se adecua al concepto tradicional de realeza femenina, esto es, al de reina consorte”*⁶⁷. Pola súa parte Codet recolle a mesma idea xa que *“Debajo de su pluma se dibuja, pues, una reina consorte que, por la bondad y la capacidad de compasión propias de su sexo, debe servir de mediadora entre sus súbditos y el soberano”*⁶⁸. Segundo este modelo, exercería un rol tradicional de raíña consorte baseado no matrimonio e na maternidade, no que funcionaría como acompañante nas tarefas de goberno pero nunca equiparable ás do rei, no que *“Isabel debe entender que no debe ser una reina gobernante, sino consorte, y conformarse a la voluntad de su esposo”*⁶⁹, un modelo que entroncaría co de dama que explicamos ao principio.

⁶⁵ *Ibid*, p. 172.

⁶⁶ *Ibid*, p. 167.

⁶⁷ Rábade, Obradó, “La educación del príncipe en el siglo XV: Del Vergel de los Príncipes al Diálogo sobre la educación del príncipe Don Juan”, p. 174.

⁶⁸ Codet, “Définir les vertus d’une reine des miroirs pour Isabelle Ière de Castille”, (consulta 4 de abril de 2024).

⁶⁹ Silleras Fernández, Núria, “Exceso femenino, control masculino: Isabel la Católica y la literatura didáctica”, p. 187.

Porén, isto contrasta con algúns fragmentos do tratado no que se persigue ir máis alá deste modelo de raíña consorte. Fray Martín de Córdoba é consciente de que está elaborando un tratado educativo dirixido a unha raíña propietaria, unha muller que polas súas circunstancias políticas e sociais necesita superar a súa condición feminina e performear unha identidade masculina para obter a lexitimación do seu poder. Isto móstranos como en determinadas esferas pesa moito máis a condición social que o propio xénero na elaboración dun modelo educativo. Deste xeito, a raíña, igual que o rei, debe ser a muller de todas as mulleres, debe converterse no espello no que han de mirarse todas as que deseen comportarse da maneira considerada como a máis adecuada para o xénero feminino, pero sendo consciente de que este modelo, por ser concebido para as mulleres dos estratos máis elevados non pode ser aplicado á todas, e polo tanto funciona como un elemento máis na diferenciación das mulleres dentro da sociedade medieval.

Fray Martín de Córdoba dille á princesa: *“Pues la señora, aunque es fembra por naturaleza, trabaje por ser varón en virtud, y así haga bien que no se ensalce por vanagoria, mas que abaxe por humildad”*⁷⁰. Deste xeito, o autor concibe o feminino con aquilo relacionado coa natureza, co corpo e o sexo; mentres que a virtude sería o elemento masculino. Como xa explicamos antes, o viril, como sinónimo da «virtus» produce unha conexión intrínseca ao xénero masculino, xerando unha maior afinidade para o bo goberno e xustificando a subordinación feminina.

Neste sentido *“Pues la mujer que quiere ser virtuosa ha de consentir consigo y decir: yo soy mujer; en esto no he culpa ninguna, que ser mujer me dio naturaleza así como a otro ser varon; pero pues que soy mujer tengo que mirar las tachas que comunmente siguen las mujeres y arredrarme dellas (...). E si esta conjugación han de hacer todas las mujeres, mucho más la princesa que es más que mujer y en cuerpo mujeril debe traer ánimo varonil”*⁷¹.

⁷⁰ Córdoba, *Jardín de nobles doncellas*, p. 107.

⁷¹ *Ibid*, p.87.

Isto entronca co topos da muller viril, a virago, presente xa dende a literatura antiga e medieval en referencia ás mulleres poderosas ou dalgunha maneira sobresaíntes coas calidades propias de un varón. Segundo San Isidoro: “*Se la llama virago porque se comporta como un varón (virum agere), es decir, realiza trabajos propios de un hombre y posee un vigor masculino*”⁷². Deste xeito a muller virago é unha muller que se comporta como un home, unha muller heroica modelo de fortaleza e vontade, calidades que se entenden como masculinas pero que se poden performear por parte das mulleres.

Polo tanto, a natureza feminina vese complementada cunha serie de consideracións propias do varón, como o valor, a forza e a coraxe, pero tamén a rectitude e a xustiza⁷³, que comentaremos máis adiante. Aínda que presentan características propias da femineidade, polo seu papel como raíña gobernante apréciase unha maior virilización conforme ás necesidades institucionais do cargo que ocupa, articulando un corpo híbrido no que tamén se expoñen elementos propios da condición viril, é dicir, virtuosa. Así, a muller que ocupa os cargos políticos mais altos convírtese nunha especie de híbrido, no sentido de que mestura características femininas con outras masculinas. Pero estas cualidades que facían que as mulleres se aproximasen ao ideal de varón bo non so eran as relacionadas co poder político ou a fortaleza do corpo e espírito, tamén co coñecemento, polo que vemos como a educación e os espellos de princesas xogaban un papel primordial na virilización das raíñas.

Para a construción deste modelo educativo, fray Martín de Córdoba define as condicións da natureza feminina. A primeira calidade positiva era ser vergoñentas, en tanto que as mulleres “*son flacas y temerosas de corazón*”⁷⁴, e no caso feminino, fronte á ausencia da razón, sería a vergoña a que funcionaría como freno. A segunda calidade positiva sería ser piadosas, xa que “*las mujeres son piadosas por otra razón, que dicen que han los corazones*

⁷² de Sevilla, *Etimologías*, pp. 42-43.

⁷³ Peláz Flores, Diana, “Con ánimo viril”: Expresiones de una femineidad plural a través la figura de la reina en la historiografía castellana (ca.1252-1474)”, *E-Spania: revue interdisciplinaire d’études hispaniques médiévales et modernes*, 42, 2022, (consulta 15 de abril de 2024).

⁷⁴ Córdoba, *Jardín de nobles doncellas*, p. 43.

tiernos y blandos”⁷⁵. A terceira calidade positiva era ser obsequiosas, calidade que tanto se aplicaba á deus porque “*La devoción a dios requiere 3 cosas, a las cuales son más dispuestas las mujeres que los varones. Estas son: fe, esperanza y caridad*”⁷⁶ como, máis compasión cara o próximo, ao reximento da casa en tanto que “*E desto se sigue que la mujer ha de se obsequisa al marido, amándole, honrándole y por si por otras sirviéndole*”⁷⁷. Porén aquí xa vemos algunha diferenza porque fray Martín de Córdoba defende que “*es verdad que esto no cabe en las altas dueñas que tienen su estado a parte de sus maridos*”⁷⁸, polo que xa vemos unha das disfuncionalidades do papel de raíña consorte que se atribuiría a Isabel I.

Das calidades negativas, a primeira sería ser intemperadas que “*quiere decir que siguen los apetitos carnales*”⁷⁹ Isto relacionaríase cun dos motivos que comentamos anteriormente, o feito de que nas mulleres a razón non estaría tan desenvolta como no caso masculino, polo que a este primeiro defecto deberán aplicar a primeira virtude. A segunda calidade negativa sería a charlatanería, que sempre se relacionou como un defecto tipicamente feminino. A solución estaría, en palabras do autor, en moderar esta actitude e practicar o silencio cando fose necesario. A última condición é a inconstancia propia das mulleres.

Todas estas boas e malas cualidades estarían relacionadas coa creación da muller no Paraíso, polo que o autor desgrana as cuestións relativas á creación feminina como material do que partir para a configuración dun modelo educativo feminino. Segundo isto, as condicións femininas derivarían da súa creación a partir da costela de Adán, na que estas particularidades femininas procederían das propiedades da costela. Porén, o autor defende que a diferenza entre o home e muller non estaría na forma nin na especie, senón na materia, e por iso a ánima en ambos é intelectual. Deste xeito, incluso a creación da muller sería máis excelente que a do varón, xa que este procedería do barro mentres que a muller da costela do home. Por último relaciona a creación feminina en base a tres cuestións: o primeiro como fin

⁷⁵ *Ibid*, p. 47.

⁷⁶ *Ibid*, p. 51.

⁷⁷ *Ibid*, p. 53.

⁷⁸ *Ibid*, p. 53.

⁷⁹ *Ibid*, p. 56.

xeral, “*entendimiento de Dios, fue criada para alabar a Dios y para servirle y para gozar del*”⁸⁰, o segundo como fin racional, “*para atar y ligar todas las criaturas*”⁸¹ e por último a causa especial que sería “*la multiplicación del humanal linaje y la reconciliación de paz*”⁸², polo que a muller sería creada do costado do varón para ser “*compañera en el matrimonio, porque el varón ame a su mujer como a socia y compañera, no la tema como señora ni como sirvienta*”⁸³.

Así pois, para exercer como unha boa raíña, Isabel I deberá potenciar as boas cualidades da súa condición feminina e combater as negativas mediante o exercicio da virtude que a equipare a un modelo masculino. Segundo isto debe exercer unha serie de funcións que atribuíamos tradicionalmente ao rol de raíña consorte, pero que se poderían aplicar en xeral ás mulleres. A primeira delas sería o rol de nai, na que se di que “*pues como decimos que el rey es padre, por esta misma razón decimos que la reina es madre*”⁸⁴. O segundo rol sería o de avogada no que “*Pues como en el reino celestial el rey Jesucristo es juez y la virgen reina es abogada, donde puesto que el rey quiera tiraniza o echar demasiados tributos en el reino, a la reina pertenesce en tal cosa y en otras semejantes abogar por el pueblo*”⁸⁵, e emprega como exemplo á raíña Esther. A raíña bíblica Esther, intercesora entre o seu pobo e o seu esposo o rei Asuero, considerábase exemplar para as mulleres da realeza⁸⁶. A terceira labor é a de escudo, que significa que ten a tarefa de defender e amparar aos máis desfavorecidos, “*defendiendo los menudos de las fuerças de los mayores*”⁸⁷. Todo isto enlazaría con dúas das principais atribucións das raíñas consortes, por un lado a mediación, e por outro a intercesión, tarefas encamiñadas á consecución da paz xa que na Idade Media considerábase que facer a paz era unha categoría de intervención pública podía ser encargada ás mulleres debido á súa

⁸⁰ *Ibid*, p. 25.

⁸¹ *Ibid*, p. 26.

⁸² *Ibid*, p. 26.

⁸³ *Ibid*, p. 27.

⁸⁴ *Ibid*, p. 49.

⁸⁵ *Ibid*, p. 49.

⁸⁶ Fuente, María Jesús, “¿Espejos de Esther? La intercesión como tarea política de la reina (León-Castilla, siglos XI-XIII)”, *E-Spania: revue interdisciplinaire d'études hispaniques médiévales et modernes*, 20, 2015, (consulta 3 de marzo de 2024).

⁸⁷ Córdoba, *Jardín de nobles doncellas*, p. 50.

maior capacidade para a compasión e aos seus sentimentos naturais, máis acorde coa paz que os varóns⁸⁸.

No relativo á fe, a principal virtude que debía encarnar a raíña é a piedade. A raíña, como lugarteniente de Deus, debía temer a súa potencia, honrar a súa sapiencia e amar a súa clemencia. Deste xeito as raíñas deberían encargarse do cumprimento dos ritos que impón a fe católica, protexer a Igrexa mediante obras pías e encargarse de que non se blasfeme o nome de Deus. En canto a si mesma, a raíña debía ser humilde, moderada, casta e honesta. A castidade, así como a virxindade, é unha das virtudes que máis se alaba dentro do tratado, un dos conceptos determinantes da orde socio-simbólico patriarcal, e nas que máis se incide dentro da educación feminina. Deste xeito, “*todas las virtudes en la mujer, aunque estoviese un montón dellas fasta el cielo, sin castidad no son sino como escoruas y ceniza contra el viento*”⁸⁹. Virxindade e a castidade son sinónimos de luz, de pureza e de limpeza, unhas das calidades máis admiradas para as mulleres, en tanto que é unha das máis difíciles e das máis raras de alcanzar pola suxeción das mulleres ás paixóns.

Outra destas virtudes é a humildade e a pobreza, é dicir, a raíña debe fuxir “*de apetito de riquezas, de honores y deleites, ca el apetito desordenado de honras es soberbia; el de lo deleites es uxuria*”⁹⁰ e por isto, deberá dedicar todas as súas riquezas ao beneficio públicos.

A continuación resáltase a honestidade ao vestir, é dicir, “*En el hábito, pues, hay honestedad, que ni sea mas de lo que requiere su estado, ni tampoco que parezcan beata mater*”⁹¹. Deste xeito, rexéitase o uso de calquera tipo de adorno ou de afeitado. Tamén se remarca a mesura e a templanza na mesa, “*Pues estas dos potencias ha de ordenar el virtuoso, poniendo en el comer y beber abstinencia y medida, según tres circunstancias que*

⁸⁸ Rábade Obradó, María del Pilar, “Una reina en la retaguardia: las intervenciones pacificadoras de Isabel la Católica en la guerra de sucesión”, *E-Spania : Revue électronique d’études hispaniques médiévales et modernes*, 20, 2015, (consultada 19 de marzo de 2024).

⁸⁹ Córdoba, *Jardín de nobles doncellas*, p. 90.

⁹⁰ *Ibid*, p. 66.

⁹¹ *Ibid*, p. 73.

son: *poco y a pasto limpio*”⁹² a fin de evitar a glotonería. Nos xestos, aqueles que implican o control do andar e o escoitar, remárcase a importancia da moderación e modestia. Resáltase sobre todo o caso do falar xa que, pola súa posición, como di “*E si esto es verdad en las otras dueñas, tanto más es verdad en las grandes señoras, cuyas palabras suenan por todo el imperio, y, por onde, deben ser pocas y graves*”⁹³. Fray Martín recomenda o silencio, pero entendendo que as veces deixa de ser unha virtude para converterse en vicio, aconsellándoas que cale cando sexa oportuno, pero que non tema falar, igualmente cando sexa oportuno.

Por último, atopamos outras virtudes relacionadas coa gobernación, coa actitude cara os próximos e que se pode relacionar máis cunha masculinización da raíña. A raíña debe actuar en base a tres virtudes: a xustiza, liberalidade e afabilidade. A primeira delas, a xustiza débese a que “*Pertenece, pues, a la princesa en su regimiento guardar justicia, si quiere haber orden a sus súbditos y guardar su reino que permanezca*”⁹⁴, é dicir, se quere conseguir a paz no seu reino debe ser unha xuíza inflexible. A segunda delas é a liberalidade, xa que “*Pues por cuanto la princesa en el reino es como una fuente donde todos han de sacar agua de dones, conviene que sea larga tanto mas que los otros cuando su influencia a más gentes se extiende*”⁹⁵. Por esa razón ten a responsabilidade de outorgarlle a cada quen o que merece. Por último atopamos a afabilidade, que “*hace y enseña como conversemos con las gentes amigablemente, recibiendo a cada uni con buena cara y amiabkes palabras con ducles obras y suaes ofertas; y cada uno según más y menos meresce sy estado y dignidad*”⁹⁶. Tamén poderíamos sinalar outra cualidade que se ben non está directamente relacionada co goberno si que ten un papel fundamental, que é a sabiduría. Xa na segunda parte do tratado, o autor sinala que as mulleres teñen a posibilidade de achegarse á sabiduría, pero non todas, senón “*Mas no a las altas dueñas como es neutra señora la Princesa, por lo cual debe catar algunas horas del día en que estudie y oya tales cosas que sean propias al regimiento del*

⁹² *Ibid*, p. 74.

⁹³ *Ibid*, p. 17.

⁹⁴ *Ibid*, p. 76.

⁹⁵ *Ibid*, p. 77.

⁹⁶ *Ibid*, p. 77.

reino''⁹⁷ polo que como fomos comentando a educación recollida neste tratado serviría como un método para a virilización da raíña.

Parece claro que Isabel compartiu os postulados de fray Martín, xa que a súa corte ocupouse da formación espiritual e a orientación dos xóvenes cara o cultivo das virtudes, como foi no caso da educación dos infantes. Mostrou unha gran afición polo saber e a formación intelectual, sen dúbida por entendela como necesario para o bo exercicio de goberno e da recta xusticia, e para preservar a paz e favorecer a prosperidade do reino, pero tamén polo propio gusto e inclinación persoal, como se desprende da súa biblioteca, colección artística e afición musical, así como de outros xestos como o mecenazgo⁹⁸.

Así pois, tanto os espellos de príncipes como os de princesas, a partir da creación dun modelo educativo propio para cada xénero permiten ver como se constrúen as feminidades e as masculinidades dentro da realeza e ver como os mesmos traballos funcionan como un elemento lexitimador da xerarquía do xénero. Ademais, permiten estudar como o feminino e o masculino interaccionan e relaciónanse para a creación dun modelo de bo gobernante, dando atribucións femininas ao rei e atribucións masculinas á raíña.

CONCLUSIÓN

O estudo da literatura especular castelá é unha ferramenta fundamental para a análise dunha educación sexuada na Idade Media. Partindo da idea da corte como un espazo onde cada individuo debe comportarse con respecto ás funcións que exerce, a educación é o principal método para a aprendizaxe dunha serie de xestos, valores e ideas que lle servirán á persoa para desenvolverse na súa vida adulta.

Deste xeito, a literatura especular castelá, creada para a educación do herdeiro ao trono, terá o xénero como unha das categorías fundamentais tanto na configuración da tratadística como na elaboración dos modelos ideais de gobernante. Fronte a unha tradición consolidada

⁹⁷ *Ibid*, p.83.

⁹⁸ del Val Valdivieso, María Isabel, "Isabel la Católica y la educación", *Aragón en la Edad Media*, 19, 2006, p. 557.

dos espellos de príncipes casteláns, desenvoltos entre os séculos XIII-XV na corte por parte dos reis para a educación do seu herdeiro varón, serán unhas circunstanciais pouco frecuentes, o acceso dunha muller ao trono e a querella das mulleres, as que expliquen a aparición dos espellos de princesas. A diferenza do caso masculino, presentarán unha maior cobertura leximitimadora para xustificar que unha muller herede o trono, sendo elaboradas dunha forma extraoficial, fronte á “tradicón oficial” dos espellos de príncipes. Así, vemos unha educación máis institucionalizada no caso masculino que no femenino.

Ademais, a literatura especular permítenos ver como se crean estes modelos de educación sexuada, e por tanto as masculinidades e feminidades dos reis e das raíñas. Aínda que presentan diferentes tarefas en función do xénero; así ao príncipe atribúenselle tarefas de corte militar mentres que a princesa tería no matrimonio unha das súas principais responsabilidades-, o cultivo dunha serie de virtudes mediante a educación permítenos ver en ocasións como xénero escapa de visións binarias grazas á condición social. Deste xeito, o príncipe deberá cumprir virtudes femininas e a princesa virtudes masculinas, sendo para ela os espellos formas de virilización.

En definitiva, educación, xénero e política teñen unha interacción fundamental na literatura especular castelá, facendo que “*príncipe o princesa non se nazca, senon que se faga*”.

BIBLIOGRAFÍA

Alfonso el Sabio, *Las Siete Partidas (selección)*, Editorial Linkgua, Barcelona, 2011.

Asenjo Travesí, Enrique, “El concepto de la infancia en la baja Edad Media a través de los espejos de príncipes”, *Historia de la educación: Revista interuniversitaria*, 38, 2019, pp. 181-194.

Bizarri, Hugo Oscar e Adeline Rucquoi, “Los espejos de príncipes: entre Oriente y Occidente”, *Cuadernos de historia de España*, 79, 2005, pp. 7-30.

Caride Gómez, José Antonio e Felipe Trillo Alonso, *Diccionario galego de Pedagogía*, Galaxia, Santiago de Compostela, 2010.

Carrasco Manchado, Ana Isabel, “La toma del poder de Isabel I de Castilla. Golpe a la legitimidad de Enrique IV” en Foronda Francis *et al.* (eds.), *Coups d'Etat à la fin du Moyen Âge?: aux fondements du pouvoir politique en Europe occidentale*, Casa de Velázquez, Madrid, 2009, pp. 331-349.

Codet, Cecile, “Définir les vertus d’une reine des miroirs pour Isabelle Ière de Castille”, *E-Spania : Revue électronique d’études hispaniques médiévales et modernes*, 22, 2015, <https://journals.openedition.org/e-spania/24924>, (consulta 4 de abril de 2024).

Córdoba, Martín, *Jardín de nobles doncellas*, edición de García Morales, Justo, Joyas Bibliográficas, Madrid, 1953.

Cuadra García *et al.*, “Notas a la educación de las mujeres en la Edad Media” en Graña Cid, María del Mar (eds.), *Las sabias mujeres: educación, saber y autoría*, Asociación Cultural Al-Mudayna, Madrid, 1994, pp. 33-50.

Echevarría Arsuaga, Ana, “La juventud de los hijos del rey en la Castilla del siglo xv”, *Mélanges de la Casa de Velázquez*, 34, 2004, <https://journals.openedition.org/mcv/1186>, (consulta 22 de marzo de 2024).

Fuente, María Jesús, “¿Espejos de Esther? La intercesión como tarea política de la reina (León-Castilla, siglos XI-XIII)”, *E-Spania : Revue électronique d’études hispaniques médiévales et modernes*, 20, 2015, <https://journals.openedition.org/e-spania/24112>, (consulta 3 de marzo de 2024).

García Herrero, María del Carmen, “Mocedades diversas: hacia un estudio de la juventud en la Baja Edad Media” en García Herrero, María del Carmen, *Los jóvenes en la Edad Media: estudios y testimonios*, Diputación Provincial de Zaragoza: Institución "Fernando el Católico", Zaragoza, 2018, pp. 21-50.

Haro Cortés, Marta, *Literatura de castigos en la Edad Media: libros y colecciones de sentencias*, Ediciones del Laberinto, Madrid, 2003.

Haro Cortés, “Matrimonio como deber y castidad como virtud en la reina: el “Jardín de nobles doncellas” de fray Martín de Córdoba” en Chas Aguión et al (eds.), *“Siempre soy quien ser solía”: estudios de literatura española medieval en homenaje a Carmen Parrilla*, Universidade da Coruña, A Coruña, 2009, pp. 185-204.

Haro Cortés, Marta, “Mujer, corona y poder en un espejo de princesas: “El Jardín de nobles doncellas de fray Martín de Córdoba” en Celma Valero, María Pilar (ed), *Vivir al margen: mujer, poder e institución literaria*, Fundación Instituto Castellano y Leonés de la Lengua, Burgos, 2009, pp. 43-57

Laliena Corbera, Carlos, “Medidas desesperadas. Crisis de las finanzas, apropiación de las rentas eclesiásticas y construcción del Estado en el reinado de Pedro el Grande en Aragón”, *En la España medieval*, 46, 2023, pp. 167-187

Lewis, Katherine, *Masculinity in Late Medieval England*, Routledge, Abingdon, 2013.

Mangas Navarro, Natalia Anaís, *La criança y virtuosa dotrina de Gracia Dei: estudio y edición crítica*. Tese de doutoramento, Universitat d’Alacant, 2020.

Nieto Soria, José Manuel, “Les Miroirs des princes dans l’historiographie espagnole (couronne de Castille, xur-xv siècles):tendances de la recherche” en Benedictis, A. (ed.), *Specula principum*, Klostermann, Francfort 1999, pp. 193-207.

Nogales Rincón, David, “Los espejos de príncipes en Castilla (siglos XIII-XV): un modelo literario de la realeza bajomedieval”, *Medievalismo*, 16, 2006, pp. 9-40.

Nogales Rincón, “Educar al rey: modelos y fronteras de la literatura de espejos de príncipes en la corona de Castilla”, en Vergara Ciordia, Javier et al. (eds.), *Aulas libros y bibliotecas en la Edad Media y moderna*, Dykinson, Madrid, 2023, pp. 69-96.

Ortiz, Alonso, *Diálogo sobre la educación del Príncipe don Juan, hijo de los Reyes Católicos*, edición de Bertini, Giovanni, José Porrúa Turanzas Ediciones, Madrid, 1983.

Palacios Martín, Bonifacio, “La educación del rey a través de los “espejos de príncipe”: un modelo tardomedieval” en Baloup, Daniel (ed.), *L'enseignement religieux dans la Couronne de Castille: incidences spirituelles et sociales*, Casa Velázquez, Madrid, 2003

Palacios Martín, Bonifacio, “El mundo de las ideas políticas en los tratados doctrinales españoles: los "espejos de príncipes" (1250-1350)” en Gobierno de Navarra (ed.), *Europa en los umbrales de la crisis (1250-1350 [actas de la] XXI Semana de Estudios Medievales*, Pamplona, 1995, pp. 463-483.

Pelaz Flores, Diana, “Con ánimo viril”: Expresiones de una feminidad plural a través la figura de la reina en la historiografía castellana (ca.1252-1474)”, *E-Spania: revue interdisciplinaire d'études hispaniques*, 42, 2022, <https://journals.openedition.org/e-spania/44464>, (consulta 15 de abril de 2024).

De Pizán, Christine, *El tesoro de la ciudad de las damas*, edición de Sala Villaverde, Alicia, *Biblioteca de autores cristianos*, Madrid, 2020.

Rábade Obradó, María del Pilar, “El arquetipo femenino en los debates intelectuales del siglo XV castellano”, *En la España medieval*, 11, 1988, pp. 261-302.

Rábade Obradó, María del Pilar, “Ética y política: recomendaciones de Fray Martín de Córdoba a la futura Isabel I en López-Cordón Cortezo, María Victoria et al., *Actas de la VIII Reunión Científica de la Fundación Española de Historia Moderna*, Madrid, 2005, pp. 63-76.

Rábade, Obradó, María del Pilar, “La educación del príncipe en el siglo XV: Del Vergel de los Príncipes al Diálogo sobre la educación del príncipe Don Juan”, *Res pública*, 18, 2007, pp. 163-178.

Rábade Obradó, María del Pilar, “Una reina en la retaguardia: las intervenciones pacificadoras de Isabel la Católica en la guerra de sucesión”, *E-Spania: Revue électronique d'études hispaniques médiévales et modernes*, 20, 2015, <https://journals.openedition.org/e-spania/24164#tocto1n1>, (consultada 19 de marzo de 2024).

Rodríguez de la Peña, Manuel Alejandro, “Los espejos de príncipes y la transmisión del saber en el Occidente Medieval”, *Cuadernos de pensamiento*, 17, 2005, pp. 127-170.

Sánchez Cantón, Francisco Javier, *Libros, tapices y cuadros que coleccionó Isabel la Católica*, CSIC, Madrid, 1950.

Segura Graíño, Cristina, “La educación de las mujeres en el tránsito de la edad media a la modernidad”, *Historia De La Educación*, 26, 2007, pp. 65-83.

De Sevilla, Isidoro, *Etimologías*, edición de Oroz Reta, José e Marcos Casquero, Manuel, Biblioteca de autores cristianos, Madrid, 2004.

Speculum al joder. Tratado de recetas y consejos sobre el coito, edición de Vicens, Teresa, José J. Olañeta, Palma de Mallorca, 2000.

Silleras Fernández, Núria, “Exceso femenino, control masculino: Isabel la Católica y la literatura didáctica” en Garí, Blanca, *Redes femeninas: de promoción espiritual en los reinos peninsulares*, Viella, 2013, pp. 185-202.

Silleras Fernández, Núria, “La reina, el príncipe y el ideólogo: Alonso Ortiz y sus nociones de reginalidad en la corte de los Reyes Católicos”, *Anuario De Estudios Medievales*, 46, 2016, pp. 393–415.

Del Val Valdivieso, María Isabel, “Isabel la Católica y la educación”, *Aragón en la Edad Media*, 19, 2006, pp. 555-562.

Del Val Valdivieso, María Isabel, “La educación en la corte de la reina católica”, *Miscelánea Comillas. Revista de Ciencias Humanas y Sociales*, 134, 2011, pp. 255-273.

Villa Prieto, Josué, “Introducción a la historiografía de la educación medieval”, *Tiempo y sociedad*, 25, 2016-2017, pp. 7-21.